Populus x canadensis Moench, 1785

- chopo canadense, álamo canadense
- álamo canadiense/americano
- kandako makala
- pollancre del Canadá
- Canadian poplar
- choupo do Canadá



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Malpighiales**	**Salicaceae**	***Populus***

ORIXE

Norte de América.

CARACTERÍSTICAS

Planta de porte arbóreo, que pode acadar os 40 m de altura máxima. Tronco recto, de crecemento moi rápido. Codia agrisada fendida coa idade. Copa ampla, columnar, moi regular en plantacións extensas. Follas grandes, alternas, simples, de forma triangulo-romboidal. Pecíolo aplanado lateralmente. Cores verde brillante e amarelentas no outono. Flores en amentos pendentes pouco vistosos. Froitos en cápsulas pequenas con numerosas sementes, que posúen un vilano algodonoso. Florece no inverno-primavera e frutifica na primavera-verán.

HÁBITAT

Principalmente plantacións forestais, ribeiras, áreas agrícolas e zonas urbanas. Preferencia por solos profundos, frescos e húmidos. A demanda hídrica é alta.

DISTRIBUCIÓN

Amplamente cultivado en Europa, América e outras rexións temperadas.

CURIOSIDADES

Trátase dun híbrido cultivado que se emprega de xeito industrial para elaborar pasta de papel, taboleiros e biomasa. Existen numerosos clons creados artificialmente con distintas características.